

# O LEGADO DE

José Ramón



# O LEGADO DE

*José Ramón*

Sala de Exposicións do Palacio Municipal  
do 6 de febreiro ao 30 de marzo de 2025



## **FICHA TÉCNICA**

**Alcaldesa da Coruña:**

Inés Rey García

**Concelleiro de Cultura e Turismo:**

Gonzalo Henrique Castro Prado

**Directora da Área de Cultura:**

Eva Blanco Sánchez

**Xefa de Servizo de Cultura e M. Histórica:**

Susana Martínez Portabales

**Xefe do Departamento de Exposicións:**

Ramón Vilas de Escauriaza

**Comisaria:**

Ana Iglesias Agra

**Montaxe:** Savisu Soluciones S.L.

**Rotulación:** Bloga Gráfica S.L.

**Supervisión de textos:** Normalización Lingüística

**Textos:** Inés Rey García e Ana Iglesias Agra

**Diseño e maquetación:** Mina Grispo, Sucopia 2.0

**Fotografía:** Magenta Fotografía


**Impresión:** Lugami

Depósito Legal C 74-2025

© das ilustracións, textos, diseño e fotos: as súas autorías

**Agradecementos**

Familia Iglesias Agra



Sras. Sres. estimados amigos.

Un acto de agradecimiento es el que deseo expresarles a Vds. a través de estas breves palabras.

En la presentación de este querido libro titulado "Historia de la Corriña" en las tallas de Salón Capitular del Palacio Municipal, hay un conjunto de amores, esfuerzo, entrega e ilusión, en las personas que deseo recordar y de algún modo, agradecer su estímulo, orientación profesional y cooperación.

= A. Túroa Vizc. Gracias por tu ap

- - - - -

La Corriña - Septiembre - 93



A exposición *O legado de José Ramón* xorde a partir dunha xenerosa doazón realizada pola familia do ilustre artista ao concello, co que se cumpre co desexo expreso do propio José Ramón. Esta contribución pasará a formar unha parte destacada do patrimonio cultural da nosa cidade, ofrecendo un valioso legado para o goce de toda a ciudadanía coruñesa e das persoas visitantes. Máis que unha homenaxe ao pasado, esta mostra representa unha ponte entre a historia e o presente. A través da súa extraordinaria habilidade, José Ramón logrou capturar a esencia da Coruña, deténdose naqueles momentos e lugares que definiron a súa evolución. A exposición é, ademais, unha invitación para reflexionar sobre a importancia de valorar e preservar o noso legado histórico, recoñecendo na arte unha ferramenta única para conectar distintas xeracións.

A mostra inclúe 24 debuxos orixinais que narran episodios clave da historia da Coruña. Estas obras serviron como base para que o ebanista Ladislao Stern realizase as icónicas tallas en madeira que decoran o Salón de Plenos do Concello. Así mesmo, a exposición enriquecése cos debuxos orixinais do Libro de Ouro, nos que destanacan os seus escudos heráldicos, e con representacións de momentos históricos emblemáticos, como a *Defensa de María Pita contra as tropas inglesas*.

Para completar este percorrido artístico e histórico, preséntase unha selección de obras pertencentes á última etapa creativa do artista que ofrecen unha visión integral da súa traxectoria.

Hoxe, grazas ao talento e á sensibilidade de José Ramón, temos a oportunidade de mergullarnos na historia da Coruña dende unha perspectiva artística única. A súa obra destaca non só pola súa excelencia técnica, senón tamén pola súa capacidade para actuar como un auténtico cronista visual da nosa cidade, perpetuando a súa memoria a través da arte.

Ines Rey  
Alcaldesa da Coruña

La exposición *El Legado de José Ramón* surge a partir de una generosa donación realizada por la familia del ilustre artista al ayuntamiento, cumpliendo así con el deseo expreso del propio José Ramón. Esta contribución pasará a formar una parte destacada del patrimonio cultural de nuestra ciudad, ofreciendo un valioso legado para el disfrute de todos los coruñeses y visitantes. Más que un homenaje al pasado, esta muestra representa un puente entre la historia y el presente. A través de su extraordinaria habilidad, José Ramón logró capturar la esencia de A Coruña, deteniéndose en aquellos momentos y lugares que han definido su evolución. La exposición es, además, una invitación a reflexionar sobre la importancia de valorar y preservar nuestro legado histórico, reconociendo en el arte una herramienta única para conectar a distintas generaciones.

La muestra incluye 24 dibujos originales que narran episodios clave de la historia de A Coruña. Estas obras sirvieron como base para que el ebanista Ladislao Stern realizará las icónicas tallas en madera que decoran el Salón de Plenos del Ayuntamiento. Asimismo, la exposición se enriquece con los dibujos originales del Libro de Oro, en los que destacan sus escudos heráldicos, y con representaciones de momentos históricos emblemáticos, como *la Defensa de María Pita contra las tropas inglesas*.

Para completar este recorrido artístico e histórico, se presenta una selección de obras pertenecientes a la última etapa creativa del artista, ofreciendo una visión integral de su trayectoria.

Hoy, gracias al talento y la sensibilidad de José Ramón, tenemos la oportunidad de sumergirnos en la historia de A Coruña desde una perspectiva artística única. Su obra destaca no solo por su excelencia técnica, sino también por su capacidad para actuar como un auténtico cronista visual de nuestra ciudad, perpetuando su memoria a través del arte.

Ines Rey  
Alcaldesa de A Coruña

## **“Se hai algo que perdura máis aló do tempo e da morte, é a Arte”**

Este proxecto nace por expresa vontade da familia do ilustre artista José Ramón, quen, nun xesto de xenerosidade, doa ao Concello os 24 debuxos que ilustran a historia da Coruña, destinados ao deseño das Tallas do Salón de Plenos, así como os debuxos necesarios para a creación do Libro de Ouro e os escudos da cidade. A exposición coincide, ademais, cunha data de especial significado: o noveno aniversario do seu falecemento, ocorrido en 2016. Non hai lugar máis adecuado para albergar esta significativa mostra, *O legado de José Ramón*, que o propio Concello.

A exposición compleméntase, así mesmo, con obras representativas da súa última etapa creativa.

### **Vocación**

Desde a súa infancia, José Ramón demostrou unha inquebrantable vocación pola arte, sustentada por unha gran forza interior. Antes mesmo de aprender a ler, xa se dedicaba a debuxar letras e, aos once anos, impulsado polo seu mestre Seijo Rubio, ingresou como oínte na Escola de Artes e Oficios da Coruña. Aquela primeira clase, cargada dunha emoción que o acompañaría ao longo da súa vida, estivo marcada polo que el mesmo describiu como “a emoción que me levaba a pintar”. Foi neste contexto onde aprendeu a superar medos e sombras e desenvolveu a capacidade de expresar e compartir a través da pintura o que sentía. José Ramón converteu a súa vocación na súa única profesión, como medio de sustento para a súa familia. Nunca rexeitou encargo ningún, pois o seu concepto do traballo sempre estivo ligado á o mundo artístico, considerándoo en todo momento “unha verdadeira obra de arte”.

### **Evolución artística**

Durante más de trinta anos, o artista dedicou o seu talento ao debuxo figurativo e consolidou unha práctica rigorosa e detallista. Posteriormente, fixo incursión na acuarela, un medio que dominou ata alcanzar un nivel maxistral, realizando retratos de gran formato cunha notable precisión. Ao longo da súa carreira, traballou tamén co óleo, co que logrou realizar obras de gran relevancia. Autodidacta e cunha formación clásica, desenvolveu unha técnica excepcional que estruturou toda a súa obra, o que lle fixo alcanzar o recoñecemento tanto do público como da crítica, sempre sustentadas nun sólido dominio do debuxo, como vemos nesta exposición.

**O seu estilo**, influenciado por artistas como Léger, Kandinsky e Cézanne, logrou fusionar a tradición clásica cunha modernidade que sintetiza as formas e elimina o superfluo. Esta evolución constante na súa obra é testemuño da súa inquietude artística e do seu rexeitamento ás modas pasaxeiras. Nunha etapa posterior, desenvolveu un estilo no que combinaba a figuración con elementos abstractos e xeométricos, utilizando cores puras, planos e vibrantes que achegaban unha notable enerxía e vitalidade ás súas composicións. José Ramón destacou pola súa técnica meticulosa e rigorosa, coa que logrou un importante equilibrio entre o debuxo e a forma, o que xeraba unha experiencia estética que convidaba o espectador á reflexión. Pintor inquieto por natureza, en constante procura, o que se reflicte na súa pintura, que transmite unha visión optimista e chea de vida.

Nas súas últimas obras, o proceso de construcción alcanzou unha importancia crucial, cunha meticulosidade e lentitude que lle permitiron sintetizar as súas composicións, fusionando a arte abstracta co clásico. Esta nova fase viuse influída polo postcubismo e o constructivismo, alcanzando unha figuración altamente geometrizada. A mostra que aquí se presenta permítelle ao/á espectador/a gozar dunha etapa particularmente madura na que José Ramón se sentiu profundamente satisfeito co resultado dun esforzo artístico que abarcou todos os aspectos da súa obra: concepto, debuxo, técnica, cor e tratamiento da luz. A través da linguaxe dos seus pinceis, José Ramón plasmou un colorido vibrante, cargado de forza interior e dinamismo, o cal é evidente na expresión dos recursos dun oficio que dominaba con gran profundidade. Pintor de producción lenta, cunha galería propia na Cidade Vella da Coruña, que mantivo aberta durante 50 anos, desde 1965 ata que faleceu en 2016.

### Reflexión final

Para José Ramón, pintar era sinónimo de liberdade interior, instinto, creatividade e unha intelixencia exquisita. Cría firmemente que a arte non residía no obxecto en si, senón na idea que o transformaba. A súa obra convida o/a espectador/a a gozar da arte, a Enriquecer a alma e a reflexionar sobre a nosa esencia. En cada exposición, retábase a si mesmo, mostrando un profundo respecto polo público e pola arte como un medio para Enriquecer a vida de quen a contempla. O seu legado segue sendo motivo de orgullo para aqueles/as que aprecian e gozan do seu traballo, tal como el desexaba. Nas súas propias palabras: "A miña grande ilusión é que a arte que realizo poida contribuír, neste mundo que me toca vivir, a dar más tranquilidade e acougo, así como pracer ás persoas que a contemplan." Confiamos en que o seu legado continúe inspirando as xeracións futuras.

Ana Iglesias

## **“Si hay algo que perdura más allá del tiempo y de la muerte, es el Arte”.**

Este proyecto nace por expresa voluntad de la familia del ilustre artista José Ramón, quien, en un gesto de generosidad, dona al Ayuntamiento los 24 dibujos que ilustran la historia de A Coruña, destinados al diseño de las Tallas del Salón de Plenos, así como los dibujos necesarios para la creación del Libro de Oro y los escudos de la ciudad. La exposición coincide, además, con una fecha de especial significado: el noveno aniversario de su fallecimiento, ocurrido en 2016. No hay lugar más adecuado para albergar esta significativa muestra, *El Legado de José Ramón*, que el propio Ayuntamiento. La exposición se complementa, asimismo, con obras representativas de su última etapa creativa.

### **Vocación**

Desde su infancia, José Ramón demostró una inquebrantable vocación por el arte, sustentada por una gran fuerza interior. Antes incluso de aprender a leer, ya se dedicaba a dibujar letras, y a los once años, impulsado por su maestro Seijo Rubio, ingresó como oyente en la Escuela de Artes y Oficios de A Coruña. Aquella primera clase, cargada de una emoción que lo acompañaría a lo largo de su vida, estuvo marcada por lo que él mismo describió como “la emoción que me llevaba a pintar”. Fue en este contexto donde aprendió a superar miedos y sombras, desarrollando la capacidad de expresar y compartir a través de la pintura lo que sentía. José Ramón convirtió su vocación en su única profesión, como medio de sustento para su familia. Nunca rechazó encargo alguno, pues su concepto del trabajo siempre estuvo ligado al mundo artístico, considerándolo en todo momento “una verdadera obra de arte”.

### **Evolución Artística**

Durante más de treinta años, el artista dedicó su talento al dibujo figurativo, consolidando una práctica rigurosa y detallista. Posteriormente, incursionó en la acuarela, un medio que dominó hasta alcanzar un nivel magistral, realizando retratos de gran formato con una notable precisión. A lo largo de su carrera, trabajó también con el óleo, logrando realizar obras de gran relevancia. Autodidacta y con una formación clásica, desarrolló una técnica excepcional que estructuró toda su obra, alcanzando el reconocimiento tanto del público como de la crítica, siempre sustentadas en un sólido dominio del dibujo como vemos en esta exposición.

**Su estilo**, influenciado por artistas como Léger, Kandinsky y Cézanne, logró fusionar la tradición clásica con una modernidad que sintetiza las formas y elimina lo superfluo. Esta evolución constante en su obra es testimonio de su inquietud artística y de su rechazo a las modas pasajeras. En una etapa posterior, desarrolló un estilo en el que combinaba la figuración con elementos abstractos y geométricos, utilizando colores puros, planos y vibrantes que aportaban una notable energía y vitalidad a sus composiciones. José Ramón destacó por su técnica meticulosa y rigurosa, logrando un importante equilibrio entre el dibujo y la forma, lo que generaba una experiencia estética que invitaba al espectador a la reflexión. Pintor inquieto por naturaleza, en constante búsqueda, lo que se refleja en su pintura que transmite una visión optimista y llena de vida.

En sus últimas obras, el proceso de construcción alcanzó una importancia crucial, con una meticulosidad y lentitud que le permitieron sintetizar sus composiciones, fusionando el arte abstracto con el clásico. Esta nueva fase se vio influida por el postcubismo y el constructivismo, alcanzando una figuración altamente geometrizada. La muestra que aquí se presenta permite al espectador disfrutar de una etapa particularmente madura en la que José Ramón se sintió profundamente satisfecho con el resultado de un esfuerzo artístico que abarcó todos los aspectos de su obra: concepto, dibujo, técnica, color y tratamiento de la luz. A través del lenguaje de sus pinceles, José Ramón plasmó un colorido vibrante, cargado de fuerza interior y dinamismo, el cual es evidente en la expresión de los recursos de un oficio que dominaba con gran profundidad. Pintor de producción lenta, con una galería propia en la Ciudad Vieja de A Coruña, que mantuvo abierta durante 50 años, desde 1965 hasta su fallecimiento en 2016.

### Reflexión Final

Para José Ramón, pintar era sinónimo de libertad interior, instinto, creatividad y una inteligencia exquisita. Creía firmemente que el arte no residía en el objeto en sí, sino en la idea que lo transformaba. Su obra invita al espectador a disfrutar del arte, a enriquecer el alma y a reflexionar sobre nuestra esencia. En cada exposición, se retaba a sí mismo, mostrando un profundo respeto por el público y por el arte como un medio para enriquecer la vida de quienes lo contemplan. Su legado sigue siendo motivo de orgullo para aquellos que aprecian y disfrutan de su trabajo, tal como él deseaba. En sus propias palabras: "Mi gran ilusión es que el arte que realice pueda contribuir en este mundo que me toca vivir, a dar más tranquilidad y sosiego, así como placer a las personas que lo contemplan." Confiamos en que su legado continúe inspirando a las generaciones futuras.

Ana Iglesias

## **José Ramón (A Coruña, 1939-2016). Obra y biografía.**

A vocación artística de José Ramón xurdiu a unha idade moi temperá, con 11 anos xa tomara a decisión de dedicarse por completo á pintura. Foi alumno de destacados pintores como Lolita Díaz Valiño, Seijo Rubio (entón director do Museo de Belas Artes da Coruña) e Quintás Goyanes. En 1965 obtivo o título de debuxante, marcando o inicio formal dunha gran carreira artística. Ao longo da súa vida, fixo da arte o seu medio de sustento e dedicación exclusiva e mantivo a súa propia galería de arte ata o seu falecemento.

### **Técnica e estilo**

José Ramón é amplamente recoñecido polo seu estilo, inconfundiblemente persoal, que pasou por dúas etapas:

Primeira (1950-1980): durante máis de tres décadas, dedicouse a perfeccionar a súa técnica no debuxo e forxou un oficio caracterizado polo seu rigor e honestidade profesional. Nos anos 70, aventurouse na acuarela e converteuse nun retratista consumado.

Última (2000 en diante): nos seus últimos anos, experimentou unha evolución significativa no seu estilo, transitando cara a unha fusión entre a figuración xeométrica e a abstracción. Influenciado polo cubismo e o construtivismo, adoptou cores puras e planas, priorizando o volume e a xeometría como elementos protagonistas. A súa obra nesta etapa reflicte unha composición precisa, organizada e minuciosa, caracterizada por trazos enérxicos e cores vivas que transmiten vitalidade e alegría.

José Ramón deixou un amplio patrimonio artístico, con obras presentes en museos, institucións oficiais (como a Real Academia Galega, concellos, deputacións, Xunta de Galicia e paradores) e coleccións privadas, tanto nacionais como internacionais.

## **Traballos Destacados**

**2015:** deseño do pergamiño conmemorativo para Isaac Díaz Pardo (Sargadelos)

**2013:** debuxo orixinal para a inauguración do Porto Exterior da Coruña  
(Autoridade Portuaria)

**1995:** obras para o Parador de Pontevedra, Tui e o Balneario de Arnoia

**1982:** presentación da obra gráfica Galicia artística e monumental nos Centros de Galicia na Arxentina, no Uruguai e en Suíza.

**1976-1980:** deseño do Libro de Ouro, o Escudo e os debuxos da “Historia da Coruña”, base para as tallas do Salón de Sesións do Concello

**1977:** deseño da medalla conmemorativa do I Centenario do Porto da Coruña

**1975:** creación da obra orixinal para o V/V Congreso Nacional de Patoloxía, obsequiada aos Reis de España

## **Retratos**

**1976-1980:** Galería de Alcaldes do Concello da Coruña

**1980:** Presidentes da Cámara de Comercio da Coruña

**1975:** Galería de Presidentes da Mutua Galega (Ibermutua)

Retratos de personalidades destacadas: Manuel Iglesias Corral (decano do Colexio de Avogados da Coruña), e os fillos de Amancio Ortega (Inditex)

## **Murais**

**1999:** Clínica Coruña Visión

**1982:** Concesionario Mercedes (Louzao) na Coruña

**1980:** Capela do Pazo de Rilo (Mugardos)

**1975:** Central Termoeléctrica de ENDESA (As Pontes)

**1970:** Restaurante “Yéboles”, A Coruña

A obra de José Ramón continúa sendo divulgada mediante exposicións e a través da súa web oficial: [joseramonpintorgallego.com](http://joseramonpintorgallego.com).

## **José Ramón (A Coruña, 1939-2016). Obra y biografía**

La vocación artística de José Ramón surgió a una edad muy temprana, con 11 años, ya había tomado la decisión de dedicarse por completo a la pintura. Fue alumno de destacados pintores como Lolita Díaz Valiño, Seijo Rubio (entonces director del Museo de Bellas Artes de A Coruña) y Quintás Goyanes. En 1965 obtuvo el título de Dibujante, marcando el inicio formal de una gran carrera artística. A lo largo de su vida, hizo del arte su medio de sustento y dedicación exclusiva manteniendo su propia galería de arte hasta su fallecimiento.

### **Técnica e estilo**

José Ramón es ampliamente reconocido por su estilo, inconfundiblemente personal, pasando por dos etapas:

**Primera (1950-1980):** Durante más de tres décadas, se dedicó a perfeccionar su técnica en el dibujo, forjando un oficio caracterizado por su rigor y honestidad profesional. En los años 70, incursionó en la acuarela, convirtiéndose en un retratista consumado.

**Última (2000 en adelante):** En sus últimos años, experimentó una evolución significativa en su estilo, transitando hacia una fusión entre la figuración geométrica y la abstracción. Influenciado por el cubismo y el constructivismo, adoptó colores puros y planos, priorizando el volumen y la geometría como elementos protagonistas. Su obra en esta etapa refleja una composición precisa, organizada y minuciosa, caracterizada por trazos energéticos y colores vivos que transmiten vitalidad y alegría.

José Ramón dejó un amplio patrimonio artístico, con obras presentes en museos, instituciones oficiales (como la Real Academia Gallega, Ayuntamientos, Diputaciones, Xunta de Galicia, Paradores) y colecciones privadas, tanto nacionales como internacionales.

## Trabajos Destacados

**2015:** Diseño del pergamo conmemorativo para Isaac Díaz Pardo (Sargadelos).

**2013:** Dibujo original para la inauguración del Puerto Exterior de A Coruña (Autoridad Portuaria).

**1995:** Obras para el Parador de Pontevedra, Tui y el Balneario de Arnoia.

**1982:** Presentación de la obra gráfica *Galicia Artística y Monumental* en los Centros de Galicia en Argentina, Uruguay y Suiza.

**1976-1980:** Diseño del *Libro de Oro, el Escudo* y los dibujos de la “Historia de A Coruña”, base para las tallas del Salón de Sesiones del Ayuntamiento.

**1977:** Diseño de la medalla conmemorativa del I Centenario del Puerto de A Coruña.

**1975:** Creación de la obra original para el V Congreso Nacional de Patología, obsequiada a los Reyes de España.

## Retratos

**1976-1980:** Galería de Alcaldes del Ayuntamiento de A Coruña.

**1980:** Presidentes de la Cámara de Comercio de A Coruña.

**1975:** Galería de Presidentes de la Mutua Gallega (Ibermutua).

Retratos de personalidades destacadas: Manuel Iglesias Corral (decano del Colegio de Abogados de A Coruña), y los hijos de Amancio Ortega (Inditex).

## Murales

**1999:** Clínica Coruña Visión.

**1982:** Concesionario Mercedes (Louzao) en A Coruña.

**1980:** Capilla del Pazo de Rilo (Mugardos).

**1975:** Central Termoeléctrica de ENDESA (As Pontes).

**1970:** Restaurante “Yéboles”, A Coruña.

La obra de José Ramón continúa siendo divulgada mediante exposiciones y a través de su web oficial: [joseramonpintorgallego.com](http://joseramonpintorgallego.com).



### **Índice dos debuxos das tallas:**

**1.** Hércules mata a Xerión **2.** Fundación da Coruña e construcción da Torre de Hércules **3.** Translación da Pedra do Destino **4.** Chegada de Xulio César á Coruña **5.** A primeira invasión normanda **6.** Cerco da Torre ou Castelo de Faro **7.** Regreso á Coruña da súa poboación dende Burgo de Faro **8.** Nomeamento de alcalde da Coruña **9.** Chegada de Afonso XI á Coruña **10.** Embarque de Pedro I **11.** Fernando I de Portugal na Coruña **12.** Desembarco do duque de Lancaster **13.** O Concello coruñés reunido no adro da Igrexa de Santiago **14.** Entrada dos Reis Católicos na Coruña **15.** Peticións a Carlos I polas Cortes reunidas na Coruña en 1520 **16.** Expedicións ás Molucas de García Jofre de Loaysa **17.** Filipe II na Coruña **18.** Defensa da Coruña contra os ingleses **19.** A devolución do voto en Cortes **20.** Restauración da Torre de Hércules **21.** Batalla de Elviña e morte do xeneral inglés sir John Moore **22.** Os reis don Afonso XII e dona María Cristina na Coruña **23.** Chegada á Coruña de don Afonso XIII e dona Vitoria Euxenia **24.** Don Juan Carlos I e dona Sofía chegan á Coruña.

**Técnica:** *Todos os debuxos foron realizados a lapis e tinta de Flowmaster. 1976*

### **Índice de los dibujos de las tallas:**

**1.** Hércules da muerte a Gerión **2.** Fundación de A Coruña y construcción de la Torre de Hércules **3.** Traslación de la Piedra del Destino **4.** Llegada de Julio César a A Coruña **5.** La primera invasión normanda **6.** Cerco de la Torre o Castillo de Faro **7.** Regreso a A Coruña de su población desde Burgo de Faro **8.** Nombramiento de Alcalde de A Coruña **9.** Llegada de Alfonso XI a A Coruña **10.** Embarque de Pedro I **11.** Fernando I de Portugal en A Coruña **12.** Desembarco del Duque de Lancáster **13.** El Concejo coruñés reunido en el atrio de la Iglesia de Santiago **14.** Entrada de los Reyes Católicos en A Coruña **15.** Peticiones a Carlos I por las Cortes reunidas en A Coruña en 1520 **16.** Expedición a las Molucas de Garcia Jofre de Loaysa **17.** Felipe II en A Coruña **18.** Defensa de A Coruña contra los ingleses **19.** La devolución del voto en Cortes **20.** Restauración de la Torre de Hércules **21.** Batalla de Elviña y muerte del General inglés Sir John Moore **22.** Los reyes Don Alfonso XII y Doña María Cristina en A Coruña **23.** Llegada a A Coruña de Don Alfonso XIII y Doña Victoria Eugenia **24.** Don Juan Carlos I y Doña Sofía llegan a A Coruña

**Técnica:** *Todos los dibujos fueron realizados a lápiz y tinta de Flowmaster. 1976*

# OBRAS

1976-1980

# 1




## HÉRCULES MATA A XERIÓN

Segundo a *Crónica Xeral* de Alfonso X o Sabio, o rei Xerión, un xigante tirano, foi vencido e morto, tras un duelo de tres días. Hércules cortou a cabeza de Xerión e colocouna nos cimentos dunha torre que mandou construír alí. nserva en activo e o máis antigo do mundo.

## HÉRCULES DA MUERTE A GERIÓN

Según la Crónica General de Alfonso X el Sabio, el rey Gerión, un gigante tirano, fue vencido y muerto, tras un duelo de tres días. Hércules cortó la cabeza de Gerión y la colocó en los cimientos de una torre que mandó construir allí.



# 2

## FUNDACIÓN DA CORUÑA E CONSTRUCCIÓN DA TORRE DE HÉRCULES

O escudo da cidade coloca a Torre de Hércules sobre a caveira do rei Xerión, segundo di a lenda. Os restos históricos achados no faro remóntanse á época romana. Existe unha inscrición da firma do arquitecto romano onde consta:

### ***Marte Augusto Sacro***

(consagrada ao Deus Marte en época do emperador Augusto).

Cayo Sevio Lupo é o nome do arquitecto aeminiense lusitano (orixinario da zona de Aeminium, a actual Coimbra en Portugal).

### ***Exvoto***

(cumprindo a promesa).

O mérito histórico da Torre de Hércules reside en ser Patrimonio da Humanidade xa que é o único faro romano que se conserva en activo e o máis antigo do mundo.



## FUNDACIÓN DE A CORUÑA Y CONSTRUCCIÓN DE LA TORRE DE HÉRCULES

El escudo de la ciudad coloca la Torre de Hércules sobre la calavera del rey Gerión, según dice la leyenda. Los restos históricos hallados en el faro se remontan a la época romana. Existe una inscripción de la firma del arquitecto romano donde consta:

### ***Marte Augusto Sacro***


(consagrada al Dios Marte en época del emperador Augusto).

Cayo Sevio Lupo es el nombre del arquitecto aeminiense lusitano (originario de la zona de Aeminium, la actual Coimbra en Portugal).

### ***Exvoto***

(cumpliendo la promesa).

El mérito histórico de la Torre de Hércules reside en ser Patrimonio de la Humanidad ya que es el único faro romano que se conserva en activo y el más antiguo del mundo.



# 3




## TRANSLACIÓN DA PEDRA DO DESTINO

Segundo conta a lenda, a chamada *Pedra do Destino* foi traída desde Exipto a Brigancia, sobre a cual foron proclamados os reis da cidade. Cara ao ano 840 foi levada a Irlanda, e en 1296 a Inglaterra. Desde 1996 atópase no Museo do Castelo de Edimburgo.

## TRASLACIÓN DE LA PIEDRA DEL DESTINO

Según cuenta la leyenda, la llamada *Piedra del Destino* fue traída desde Egipto a Brigancia, sobre la cual fueron proclamados los reyes de la ciudad. Hacia el año 840 fue llevada a Irlanda, y en 1296 a Inglaterra. Desde 1996 se encuentra en el Museo del Castillo de Edimburgo.



# 4




## CHEGADA DE JULIO CESAR Á CORUÑA

O ano 60 antes de Cristo, Julio César chegou por mar a Brigancia, imperio do comercio do estaño, e fondeou ao pé da Torre de Hércules. A grandiosidade e volume da súa frota chamou a atención aos poboadores da cidade, que non opuxeron resistencia ao desembarco do xeneral romano.

## LLEGADA DE JULIO CÉSAR A A CORUÑA

El año 60 antes de Cristo, Julio César llegó por mar a Brigancia, imperio del comercio del estaño, y fondeó al pie de la Torre de Hércules. La grandiosidad y volumen de su flota llamó la atención a los pobladores de la ciudad, que no opusieron resistencia al desembarco del general romano.



# 5



## A PRIMEIRA INVASION NORMANDA


No século IX piratas posiblemente viquingos chegaron á Coruña con numerosas naves.

Tras dura batalla foron derrotados. En posteriores incursións, os viquingos lograron saquear outros portos de Galicia.

## LA PRIMERA INVASION NORMANDA

En el siglo IX piratas posiblemente vikingos llegaron a A Coruña con numerosas naves.

Tras dura batalla fueron derrotados. En posteriores incursiones, los vikingos lograron saquear otros puertos de Galicia.



# 6




## CERCO DA TORRE OU CASTELO DE FARO

No século XII a raíña Dona Urraca apoderouse da Torre de Hércules, chamada tamén entón Castelo de Faro e fixo entrega da fortaleza a un dos seus nobres. Tras diversas vicisitudes, terminou sendo cercada e recuperada polo arcebispo compostelán Diego Gelmírez.

## CERCO DE LA TORRE O CASTILLO DE FARO

En el siglo XII la reina Doña Urraca se apoderó de la Torre de Hércules, llamada también entonces Castillo de Faro e hizo entrega de la fortaleza a uno de sus nobles. Tras diversas vicisitudes, terminó siendo cercada y recuperada por el arzobispo compostelano Diego Gelmírez.



# 7



## **REGRESO Á CORUÑA DA SÚA POBOACIÓN DENDE BURGO DE FARO**

No século XIII o Rei Alfonso IX concede á cidade da Coruña termo e foro e a poboación regresa desde Burgo de Faro. A cidade nace como cidade de reguengo.

## **REGRESO A A CORUÑA DE SU POBLACIÓN DESDE O BURGO DE FARO**

En el siglo XIII el Rey Alfonso IX concede a la ciudad de A Coruña término y fuero y la población regresa desde Burgo de Faro. La ciudad nace como ciudad de realengo.



# 8



## NOMEAMENTO DE ALCALDE DA CORUÑA

No século XIV o Concello coruñés dependía soamente do Rey quien nomeaba a un Alcalde Rexedor, e os habitantes e moradores da cidade elixían a outros dous alcaldes, que habían de expor os asuntos ante o Concello, xa que actuaban no seu nome.

## NOMBRAMIENTO DE ALCALDE DE A CORUÑA

En el siglo XIV el Concejo coruñés dependía solamente del Rey quien nombraba a un Alcalde- Regidor, y los habitantes y moradores de la ciudad elegían a otros dos alcaldes, que habían de plantear los asuntos ante el Concejo, ya que actuaban en su nombre.



# 9



## CHEGADA DE ALFONSO XI Á CORUÑA

En 1345 o Rei Alfonso XI visitou a cidade e resolveu un vello preito entre A Coruña e Betanzos sobre os privilexios relativos á carga e descarga de sal. A decisión do monarca autorizou a carga de produtos no porto de Betanzos, e o pago na Coruña dos dereitos establecidos.

## LLEGADA DE ALFONSO XI A A CORUÑA

En 1345 el Rey Alfonso XI visitó la ciudad y zanjó un viejo pleito entre A Coruña y Betanzos sobre los privilegios relativos a la carga y descarga de sal. La decisión del monarca autorizó la carga de productos en el puerto de Betanzos, y el pago en A Coruña de los derechos establecidos.



# 10




## EMBARQUE DE PEDRO I

Fuxindo das iras do seu irmán bastardo Enrique de Trastámara, Pedro I chegou á Coruña no século XIV. Aquí embarcou coas súas fillas e o seu séquito cara aos dominios ingleses en Francia, a solicitar axuda para recuperar o seu Reino. Durante a súa estancia na cidade, outorgou a esta privilexios.

## EMBARQUE DE PEDRO I

Huyendo de las iras de su hermano bastardo Enrique de Trastámarra, Pedro I llegó a A Coruña en el siglo XIV. Aquí embarcó con sus hijas y su séquito hacia los dominios ingleses en Francia, a solicitar ayuda para recuperar su Reino. Durante su estancia en la ciudad, otorgó a ésta privilegios.



# 11



## FERNANDO I DE PORTUGAL NA CORUÑA

Tras morrer Pedro I a mans do seu medio irmán Enrique de Trastámarra, Galicia inclinouse a favor de Fernando I de Portugal.

En 1369 viño a establecerse á Coruña, onde se lle recibiu triunfalmente. Aquí acuñou moeda e gobernou, pero houbo de retirarse a Portugal por temor a Enrique.

## FERNANDO I DE PORTUGAL EN A CORUÑA

Tras morir Pedro I a manos de su hermanastro Enrique de Trastámarra, Galicia se inclinó a favor de Fernando I de Portugal.

En 1369 vino a establecerse a A Coruña, donde se le recibió triunfalmente. Aquí acuñó moneda y gobernó, pero hubo de retirarse a Portugal por temor a Enrique.



# 12



## DESEMBARCO DO DUQUE DE LANCASTER

Tras a retirada de Fernando I de Portugal, o novo pretendente ao trono de Castilla sería Juan de Aquitania, duque de Lancaster, xenro de Pedro I. O duque chegou á Coruña en 1386 ao mando da súa escuadra. Tras tomar a cidade cruzou toda Galicia e arranxou con Enrique unha voda entre os seus fillos.

## DESEMBARCO DEL DUQUE DE LANCASTER

Trás la retirada de Fernando I de Portugal, el nuevo pretendiente al trono de Castilla sería Juan de Aquitania, duque de Lancaster, yerno de Pedro I. El duque llegó a A Coruña en 1386 al mando de su escuadra. Tras tomar la ciudad cruzó toda Galicia y arregló con Enrique una boda entre sus hijos.



# 13




## O CONCELLO CORUÑES REUNIDO NO ADRO DA IGREXA DE SANTIAGO

Como era costume, o Concello da cidade reuníase no atrio da románica Iglesia de Santiago. Alí adoptábanse acordos de importancia.

## EL CONCEJO CORUÑES REUNIDO EN EL ATRIO DE LA IGLESIA DE SANTIAGO

Como era costumbre, el Concejo de la ciudad se reunía en el atrio de la Iglesia románica de Santiago. Allí se adoptaban acuerdos de importancia.



# 14




## ENTRADA DOS REIS CATÓLICOS NA CORUÑA

O 6 de outubro de 1486 chegaron á cidade Isabel e Fernando, que anos más tarde serían nomeados Reis Católicos. Os monarcas ratificaron os privilexios reguengos da Coruña, e na súa honra celebráronse festexos.

## ENTRADA DE LOS REYES CATÓLICOS EN A CORUÑA

El 6 de octubre de 1486 llegaron a la ciudad Isabel y Fernando, que años más tarde serían nombrados Reyes Católicos. Los monarcas ratificaron los privilegios realengos de A Coruña, y en su honor se celebraron festejos.



# 15



## PETICIÓN S A CARLOS I POLAS CORTES REUNIDAS NA CORUÑA EN 1520

En 1520 Carlos I tiña 20 anos, e tiña que marchar a Alemania para ser coroado Emperador. Con obxecto de conseguir financiamento para a viaxe, celebrou varias reunións de Cortes na Coruña, onde recibiu tamén numerosas peticións e concedeu algunha, como o mercado semanal.

## PETICIONES A CARLOS I POR LAS CORTES REUNIDAS EN A CORUÑA EN 1520

En 1520 Carlos I tenía 20 años, y tenía que marchar a Alemania para ser coronado Emperador. Con objeto de conseguir financiación para el viaje, celebró varias reuniones de Cortes en A Coruña, donde recibió también numerosas peticiones y concedió alguna, como el mercado semanal.



# 16




## EXPEDICIÓN ÁS MOLUCAS DE GARCIA JOFRE DE LOAYSA

En xullo de 1525 saíu do porto coruñés unha expedición de sete naves cara ás Illas Molucas, paraíso das especias. Mandada por Frei García Jofre de Loaysa levaba de segundo ao mando e piloto maior a Juan Sebastián Elcano. Só chegou ao seu destino a nave capitá, pero Loaysa e Elcano morreron antes.

## EXPEDICIÓN A LAS MOLUCAS DE GARCIA JOFRE DE LOAYSA

En julio de 1525 salió del puerto coruñés una expedición de siete naves hacia las Islas Molucas, paraíso de las especias. Mandada por Fray García Jofre de Loaysa llevaba de segundo al mando y piloto mayor a Juan Sebastián Elcano. Sólo llegó a su destino la nao capitana, pero Loaysa y Elcano murieron antes.



# 17




## FELIPE II NA CORUÑA

O príncipe Felipe, fillo do Emperador Carlos, veu á Coruña a finais de xuño de 1554, co fin de embarcar cara a Inglaterra para casar con María Tudor. Estivo na cidade ata que o 12 de xullo saíu do porto a expedición que contaba con decenas de navíos e miles de soldados.

## FELIPE II EN A CORUÑA

El príncipe Felipe, hijo del Emperador Carlos, vino a A Coruña a finales de junio de 1554, con el fin de embarcar hacia Inglaterra para casarse con María Tudor. Estuvo en la ciudad hasta que el 12 de julio salió del puerto la expedición que contaba con decenas de navíos y miles de soldados.



# 18



## DEFENSA DA CORUÑA CONTRA OS INGLESES

En maio de 1589 a Armada Inglesa, ao mando do Almirante Sir Francis Drake, puxo cerco á cidade da Coruña. No interior das murallas quedaban poucos homes, pero unha muller, María Pita, daría exemplo de valor, alentando de tal forma á resistencia que os ingleses houberon de desistir.

## DEFENSA DE A CORUÑA CONTRA LOS INGLESES

En mayo de 1589 la Armada Inglesa, al mando del Almirante Sir Francis Drake, puso cerco a la ciudad de A Coruña. En el interior de las murallas quedaban pocos hombres, pero una mujer, María Pita, daría ejemplo de valor, alentando de tal forma a la resistencia que los ingleses hubieron de desistir.



# 19



## A DEVOLUCIÓN DO VOTO EN CORTES

O 8 de marzo de 1623 leuse no Concello coruñés a noticia da Real Carta de Felipe IV que devolvía ao Reino de Galicia o Voto en Cortes.

Durante máis dun século foran frecuentes as reclamacións, pois quen falaba en nome de Galicia nas Cortes era Zamora.

## LA DEVOLUCIÓN DEL VOTO EN CORTES

El 8 de marzo de 1623 se leyó en el Ayuntamiento coruñés la noticia de la Real Carta de Felipe IV que devolvía al Reino de Galicia el Voto en Cortes.

Durante más de un siglo habían sido frecuentes las reclamaciones, pues quien hablaba en nombre de Galicia en las Cortes era Zamora.



# 20



## RESTAURACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES

En 1785 estableceuse na Coruña o Real Consulado Marítimo de Galicia, por iniciativa do Rey Carlos III. Co producto dos dereitos asignados levou a cabo a restauración do Faro e Torre de Hércules, cuxos planos se deben ao enxeñeiro Eustaquio Giannini.

## RESTAURACIÓN DE LA TORRE DE HÉRCULES

En 1785 se estableció en A Coruña el Real Consulado Marítimo de Galicia, por iniciativa del Rey Carlos III. Con el producto de los derechos asignados se llevó a cabo la restauración del Faro y Torre de Hércules, cuyos planos se deben al ingeniero Eustaquio Giannini.



# 21



## BATALLA DE ELVIÑA E MORTE DO XENERAL INGLÉS SIR JOHN MOORE

En xaneiro de 1809 librouse nas proximidades da cidade unha batalla, entre as forzas napoleónicas do Mariscal Soult e as británicas de Sir John Moore, que tras axudar aos españoles pretendían regresar a Inglaterra. Os soldados lograron embarcar, pero o Xeneral Moore foi ferido de morte.

## BATALLA DE ELVIÑA Y MUERTE DEL GENERAL INGLÉS SIR JOHN MOORE

En enero de 1809 se libró en las cercanías de la ciudad una batalla, entre las fuerzas napoleónicas del Mariscal Soult y las británicas de Sir John Moore, que tras ayudar a los españoles pretendían regresar a Inglaterra. Los soldados lograron embarcar, pero el General Moore fue herido de muerte.



# 22



## OS REIS DON ALFONSO XII E DONA MARÍA CRISTINA NA CORUÑA

Con motivo da inauguración do ferrocarril entre A Coruña e Madrid, en setembro de 1883, visitaron a cidade os Reis de España D. Alfonso XII e a súa segunda esposa, Dona María Cristina de Habsburgo.

## LOS REYES DON ALFONSO XII Y DOÑA MARÍA CRISTINA EN A CORUÑA

Con motivo da inauguración do ferrocarril entre A Coruña e Madrid, en setembro de 1883, visitaron a cidade os Reis de España D. Alfonso XII e a súa segunda esposa, Dona María Cristina de Habsburgo.



# 23



## CHEGADA Á CORUÑA DE DON ALFONSO XIII E DOÑA VICTORIA EUGENIA


En setembro de 1927 o Rei D. Alfonso XIII realizou a súa terceira visita á Coruña, con motivo do inicio das obras do novo ferrocarril a Zamora. Nesta ocasión inauguouse o Salón de Sesións do Palacio Municipal. Anteriormente estivera na cidade en 1902 e 1909.

## LLEGADA A CORUÑA DE DON ALFONSO XIII Y DOÑA VICTORIA EUGENIA

En setiembre de 1927 el Rey D. Alfonso XIII realizó su tercera visita a A Coruña, con motivo del inicio de las obras del nuevo ferrocarril a Zamora. En esta ocasión se inauguró el Salón de Sesiones del Palacio Municipal. Anteriormente había estado en la ciudad en 1902 y 1909.



# 24



## DON JUAN CARLOS I E DONA SOFÍA CHEGAN Á CORUÑA

O 29 de xullo de 1976 os Reis de España chegaron á Coruña, onde tivo lugar unha recepción na súa honra sendo alcalde José Manuel Liaño Flores.

Celebrouse unha reunión do Consello de Ministros na que se aprobou unha amnistía para os presos políticos.

## DON JUAN CARLOS I Y DOÑA SOFIA LLEGAN A A CORUÑA

El 29 de julio de 1976 los Reyes de España llegaron a A Coruña, donde tuvo lugar una recepción en su honor siendo alcalde José Manuel Liaño Flores.

Se celebró una reunión del Consejo de Ministros en la que se aprobó una amnistía para los presos políticos.



### **ESCUDO DA CORUÑA**

En 1980, José Ramón deseñou unha versión do antigo escudo da Coruña dos séculos XVII-XVIII.

Sobresaen o farol colgado, que evoca a función marítima da Torre de Hércules, e os símbolos heráldicos, coma as caveiras e as sete vieiras.


Realizado a lapis, este deseño combina técnica artística e sensibilidade histórica.

### **ESCUDO DE A CORUÑA**

En 1980, José Ramón diseñó una versión del antiguo escudo de A Coruña de los siglos XVII -XVIII.

Sobresalen el farol colgado evocando la función marítima de la Torre de Hércules, y los símbolos heráldicos como las calaveras y las siete vieiras.

Realizado a lápiz, este diseño combina técnica artística y sensibilidad histórica.



delus J. Romai  
1977

### ***Escudo da Coruña en acuarela***

En 1980, o Concello da Coruña encargoule a José Ramón o deseño do novo escudo oficial da cidade. Utilizando técnicas de debuxo e acuarela, o artista realizou os elementos heráldicos con gran precisión.

O escudo inclúe:

A Torre de Hércules, emblema principal.

Caveiras e tibias cruzadas, que evocan a lenda de Xerión e simbolizan xustiza e sacrificio.

Fondo azul, que representa o mar e a histórica conexión marítima da cidade.

Coroa real, símbolo da súa relación coa monarquía e privilexios históricos.

Sete vieiras, que representan os antigos bispados galegos e a unidade histórica de Galicia.

### ***Escudo de A Coruña en acuarela***

En 1980, el Ayuntamiento de A Coruña encargó a José Ramón el diseño del nuevo escudo oficial de la ciudad. Utilizando técnicas de dibujo y acuarela, el artista realizó los elementos heráldicos con gran precisión.

El escudo incluye:

La Torre de Hércules, emblema principal.

Calaveras y tibias cruzadas, que evocan la leyenda de Gerión y simbolizan justicia y sacrificio.

Fondo azul, que representa el mar y la histórica conexión marítima de la ciudad.

Corona real, símbolo de su relación con la monarquía y privilegios históricos.

Siete vieiras, que representan los antiguos obispados gallegos y la unidad histórica de Galicia.



### **LIBRO DE OURO**

Os debuxos son deseños ornamentais realizados por José Ramón en 1980 para o Libro de Ouro do Concello da Coruña.

Apréciase a inclusión da Torre de Hércules, xunto con cunchas e coroas, que capturan a esencia histórica e cultural da cidade. Estes elementos reforzan a identidade cultural e a oficialidade do libro, e subliñan a súa importancia conmemorativa.

### **LIBRO DE ORO**

Los dibujos son diseños ornamentales realizados por José Ramón en 1980 para el Libro de Oro del Ayuntamiento de A Coruña.

Se aprecia la inclusión de la Torre de Hércules, junto con conchas y coronas, que capturan la esencia histórica y cultural de la ciudad. Estos elementos refuerzan la identidad cultural y la oficialidad del libro, subrayando su importancia conmemorativa.



### **DEFENSA DA CORUÑA POR MARÍA PITA EN 1589 FRONTE Á ARMADA INGLESA**

O debuxo a lapis realizado por José Ramón en 1992 representa a defensa da Coruña liderada por María Pita.

María Pita aparece como figura central, con lanza e bandeira, simbolizando a súa valentía. Inclúe as murallas da Coruña, unha paisaxe marítima e a batalla naval contra os barcos ingleses.

A obra combina rigor histórico e sensibilidade artística.

### **DEFENSA DE A CORUÑA POR MARÍA PITA EN 1589 FRENTE A LA ARMADA INGLES**

El dibujo a lápiz realizado por José Ramón en 1992 representa la defensa de A Coruña liderada por María Pita.

María Pita aparece como figura central, con lanza y bandera, simbolizando su valentía. Incluye las murallas de A Coruña, un paisaje marítimo y la batalla naval contra los barcos ingleses.

La obra combina rigor histórico y sensibilidad artística.





# OBRA DOS ANOS FINAIS





**Betanzos, A Ponte Vella,**

Óleo sobre lienzo

65x81 cm

2012



O fútbol,  
Óleo sobre lienzo  
90x115 cm  
2001



**Novas tecnoloxías,**

Óleo sobre lienzo

90x115 cm

2003



**Libros,**  
Óleo sobre lienzo  
90x115 cm  
2005



**Libros no chan,**  
Óleo sobre lienzo  
90x115 cm  
2012



Útiles de cociña,  
Óleo sobre lienzo  
90x115 cm  
2004



**Fondo marino,**  
Óleo sobre lienzo  
80x115 cm  
2013



**Na dársena,**  
Óleo sobre lienzo  
30x60 cm  
2015



**Encontros,**  
Óleo sobre lienzo  
65x81 cm  
2015



**Mariscadoras en azul,**  
Óleo sobre lienzo  
75x115 cm  
2014



**Mariscadoras na baixamar,**

Óleo sobre lienzo

75x115 cm

2014



**Porto exterior,**  
Óleo sobre lienzo  
90x90 cm  
2013



O flotador vermello,  
Óleo sobre lienzo  
35x55 cm  
2015



O flotador,  
Óleo sobre lienzo  
33x41 cm  
2014



**Recordos,**  
Óleo sobre lienzo  
80x80 cm  
2013



**Transparencias,**  
Óleo sobre lienzo  
50x73 cm  
2009



Texturas-Abstacción xeométrica,  
Óleo sobre lienzo  
27x35 cm  
2009



**Mariscadores,**  
Óleo sobre lienzo  
22x27 cm  
2015



**Abstracto I,**  
Óleo sobre lienzo  
24x27 cm  
2007



**Botellas,**  
Óleo sobre lienzo  
60x81 cm  
2013



Peluches,  
Óleo sobre lienzo  
34x41 cm  
2013



**Cortexando,**  
Óleo sobre lienzo  
23x27 cm  
2010



**Catro espidos,**  
Óleo sobre lienzo  
30x41 cm  
2015



Espido,  
Óleo sobre lienzo  
19x27 cm  
2015



**Espido,**  
Óleo sobre lienzo  
19x27 cm  
2015



**Espido en vermello,**

Óleo sobre lienzo

46x65 cm

2014



Xerras en vermello,


Acuarela

41x52 cm

2012



A miña casa: homenaxe a Juan Gris e Mondrián,  
Acuarela  
35x45 cm  
1986



Lembranzas no Orzán,


Guasch

21x27 cm

1988



**Porto exterior,**  
Acuarela  
40x60 cm  
2013



Bolboretas,  
Acuarela  
47x66 cm  
2006









